

SUBMISIÓN URBANA

A punta da frecha

Só é o son

Persistimos:
Buscamos
-nas tebras-
os signos agochados.
Nos relevos cegos
do baleiro.
Así perdemos a pronuncia
das cores.
Mais, ao final,
descubriremos:
É a palabra
-a forma-
o único significado.



Hai palabras que navegan entre o aire universal das ideas colectivas, que atravesan e modelan as persoas. Atopámonos constantemente dirixidos cara ao útil, cara ao beneficio, ofuscámonos nun avance cara a ningunha parte entre as tebras do espazo. O parámetro internacional da medida do valor é o efecto práctico, traducido en números, e nós, talvez, somos máquinas, condenadas a servir un propósito mecánico, a perpetuar unha existencia baleira, unha dirección sen sentido. Por iso, quizais tamén sexa preciso cultivar o inútil, perder o tempo e xerar beleza, debuxar a punta da frecha -o sentido- en óleo de estrelas, orientar ese pulo de circuitos e electricidade que acelera o “avance” e o “futuro”. Creamos ferramentas, instrumentos, que nos guían cara a un fin, estudamos o seu uso, sérvennos, mais debemos tamén crear ideas, pensamentos, poesía, cadros de cores rechamantes, sucesións imposíbeis de notas estridentes: algo que non sirva para nada, algo que sexa un fin en si mesmo.

Cita

Oscar Wilde:
“A única excusa para facer unha cousa inútil é admirala infinitamente. Toda arte é completamente inútil.”